

Localización xeográfica da Ruta do Monte Roxal-Teixido



Ruta do Monte Roxal-Teixido

É unha das 5 rutas que se poden facer en Trabada. Variada gama de paisaxes onde o visitante entra en contacto cos distintos usos do solo presentes no territorio galego.

O primeiro tramo ascende ó longo do bosque de frondosas xunto ó río. Pasando As Liñeiras entramos en contacto cos ecosistemas de orixe antrópico, relacionados cos aproveitamentos forestais de masas de piñeiros, acacias e eucaliptos. Xa na Fraga de Teixido avanza-se ó carón do rego dos Navais, acompañados pola vexetación típica de ribeira, bidueiros, freixos, arandos, espiños e ameneiros. Ó remate da ruta atopáremonos con parcelas adicadas ó aproveitamento do eucalipto, prados e cultivos.

Sinalización do sendeiro



Continuidade do sendeiro



Cambio brusco de dirección



Cambio de dirección



Dirección errada



Indicador dirección




Derivacións, iguais cunha diagonal

Dificultade: Media, baixa.

Percorrido: 7,70 Km. aproximadamente.

Duración: 3:00 h. aproximadamente.

Desnivel: 300 m. aproximadamente.



Concello de Trabada

Concello, 15

27765 Trabada

Teléfono: 982 13 50 11

Fax: 982 13 52 57



Conserva o teu entorno,
non botes lixo na Fraga.



PR 82®

GALICIA

Trabada - LUGO

Ruta do Monte Roxal-Teixido

Sendeiros sinalizados





Eucalípto
(*Eucalyptus globulus*)

Árbore exótica da familia das miértáceas procedente de Australia que alcanza gran altura (ata 40 m.). A súa casca é lixa e de cor agrisada. A madeira é moi útil, e das súas follas estráese a esencia de Eucalipto que atrecebe ben e ben propiedades medicinais.



Acacia Negra
(*Acacia melanoxylon*)

Árbore da familia da leguminosas, casca moi escura. Flores de cor branca, florece entre marzo e abril. O froito é unha legume comprimida lateralmente, algo revirada e marrón. Cultivada como ornamental e pola súa madeira que é moi apreciada en ebanistería.



Piñeiro
(*Pinus sylvestris*)

Árbore da familia das coníferas de follas aciculares, en pequenos froites, masculinas e femininas en distintas polas. É moi característica a súa follaxe verde-azulada. Árbore moi útil pola súa madeira e resina. O seu froito é a piña.



Bétula
(*Betula pendula*)

Da familia das betuláceas, é unha árbore esvelta (ata 20 m.), coa casca branca. De corta vida, non tolera a sombra polo que é desprazado por piñeiros e carballos. Plántase como protector das especies forestais. A madeira úsase para facer zocos.



Amencivo
(*Abies glutinosa*)

Árbore betulácea propia das ribeiras. Estrutura piramidal que alcanza ata 20 m. coa en forma arbustiva apilada. A súa madeira, branda pero resistente baixo a auga, emprégase para facer zocos. É moi importante para a conservación das ribeiras dos ríos ou lagos.



Freixo
(*Fraxinus excelsior*)

Pertence á familia das oléceas, de mediana altura, abundantes polas, tronco grosso de cor cinza, delgado e nudoso. Follas de cor verde púrpuras en pequenos grupos. A madeira, polida, dura e elástica, é moi demandada.



Carballo
(*Quercus robur*)

Árbore robusta que pode superar os 40 m. de altura. Tem follas lobuladas sen pelo. As flores masculinas son coágantes e amarelas. As femininas son diminutas. O seu froito é a larida, usada como alimento para o gando. A súa madeira é moi dura e utilízase para facer bocós.



Pódense observar algunhas panxetónicas sobre o Val de Lourenzá formado polos ríos Batán e Baos, rodeado polas estratificacións montañosas da Serra da Cadieira o Ceidal de Neda e a Serra de Lourenzá.



Felito real
(*Osmunda regalis*)

Planta sen flores, de follas moi grandes, que poden acadar os 2 m. de altura. Conhecido como felito real polo seu elegante porte. Tivo presenza na terra desde a época dos dinosaurios, existindo fósiles desde hai 65 millóns de anos.

P	Zona de aparcamento		Merendeiro	
	Panel informativo		Fornle	
	Refuxo chiveira		Viata panxetónica	

